

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERRATAS.- Para facer constar que unha vez publicada na páxina web de Xestur, S.A a convocatoria da Xunta Xeral Ordinaria de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., a celebrar o vindeiro 16 de xuño, detectáronse as seguintes erratas materiais na devandita convocatoria, que compre corrixir:

- Na orden do día do anuncio da convocatoria antes indicada, publicado en data 22.04.22, así como na comunicación enviada aos accionistas en data 02.05.22, omitiuse por erro o seguinte punto da orden do día:
2.-Renovación, se procedera, de varios membros do Consello de Administración, por ter vencido o prazo do seu nomeamento conforme aos estatutos sociais.
- En consecuencia, o tenor literal da convocatoria, despois da corrección de erros antes indicada sería o seguinte:

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 30 de marzo de 2022, acordou convocala Xunta Xeral ordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Polígono de Fontiñas, Área Central, s/n, 5º andar.- Santiago de Compostela), o 16 de xuño 2022, ás 11.00 horas en primeira convocatoria ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día seguinte, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ao obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

ORDE DO DIA

- 1º. *Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2021.*
- 2º.- *Renovación, se procedera, de varios membros do Consello de Administración, por ter vencido o prazo do seu nomeamento conforme aos estatutos sociais.*
- 3º. *Rogos e preguntas.*
- 4º *Formalización e execución de acordos.*
- 5º *Aprobación da Acta da Xunta.*

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuíto, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas”.

Estendese a presente dilixencia, aos efectos de que se teña por subsanado o erro material antes indicado, incluíndose na orde do día o punto referido anteriormente, na data que figura na firma dixital da presente dilixencia, e publicándose na mesma data na páxina web de Xestur, S.A..

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González